




**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A MANCOMUNIDADE DE TERRAS DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO NA COMARCA DE PONTEVEDRA**

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2017

**REUNIDOS**




Por unha banda, D<sup>a</sup> María Nava Castro Domínguez, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra, a Mancomunidade Terras de Pontevedra e no seu nome e representación D. Miguel Anxo Fernández Lores, na súa calidade de Presidente, ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

**EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que a Mancomunidade Terras de Pontevedra e unha administración pública de carácter local composta polos Concellos de Pontevedra, Marín, Poio, Pontecaldelas, Vilaboa, Cotobade, Barro e Campo Lameiro, que ten como obxectivo consolidar a comarca como un destino turístico diferenciado e de calidade dentro do panorama nacional e internacional.



Que nos Estatutos da Mancomunidade de Terras de Pontevedra dos Concellos de Pontevedra, Marín, Poio, Pontecaldelas, Vilaboa, Cotobade, Barro e Campo Lameiro, establécense como fins da mesma entre outros : "Turismo: fomento y explotación del turismo".

Que os Concellos, segundo se sinala no Artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo.

Que de conformidade co previsto no artigo 135 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os concellos galegos terán dereito a asociarse en mancomunidades para a execución ou prestación en común, de obras, servizos e actividades da súa competencia.

**Segundo.** Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado, que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e que se aproban os seus estatutos, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo.

Co obxecto de promover o turismo na Comarca de Pontevedra, as partes consideran esencial colaborar na realización deste Convenio xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada polas mesmas e con beneficios conxuntos. Todo isto, englobase ademais no eido competencial da Axencia Galega de Turismo.

**Terceiro.-** As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza e do turismo da Mancomunidade de Terras de Pontevedra contribúen á potenciación do Turismo na área do Xeodestino que integra esta Mancomunidade e supón unha continuación da colaboración entre ambas entidades realizadas a través do Plan de Dinamización Turística desenvolvido nesta área.



O obxectivo a acadar polas partes é a regulación das bases de colaboración para a constitución, posta en funcionamento e xestión, dunha serie de actividades para a promoción do turismo no ámbito da Mancomunidade Terras de Pontevedra a través da priorización de accións de promoción, difusión e dinamización dos recursos baseados na Arte Rupestre que é o recurso turístico máis característico da comarca.

Asemade procurarase a sensibilización tanto aos visitantes como aos propios veciños da zona sobre a importancia de preservar e poñer en valor o patrimonio cultural, histórico e arqueolóxico o que terá clara proxección turística coa correspondente incidencia económica nesta comarca.

Estas actuacións divulgarán a realidade e potencialidade da Comunidade Autónoma como receptora dun turismo de calidade e incidirán nun maior desenvolvemento e coñecemento no exterior.

En consideración ao anteriormente exposto, é vontade das partes asinantes a colaboración na xestión das actividades relacionadas, de acordo ás seguintes:

## CLAÚSULAS

### Primeira.- Obxecto do Convenio

É obxecto do presente convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Mancomunidade Terras de Pontevedra, para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do Turismo que inclúa a realización das seguintes actuacións:

#### 1. IMPLANTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE NOVAS TECNOLOXÍAS

##### 1.1 DESEÑO, ADAPTACION É MELLORAS O DESENVOLVEMENTO DA APP ARTE RUPESTRE.

OBXECTIVO: Complementarase para obter unha app máis áxil e moderna que integrara non só un mapa interactivo dos Petróglifos de Terras de Pontevedra (tamén en formato Web para a consulta dende casa), con detalles e ferramentas para a súa interpretación e visita, senón tamén unha gamificación e ludificación do seu uso.



DESCRIPCIÓN: Programación, e publicación da xanela dixital do proxecto "Petra. Petroglifos en Familia", un conxuntos de ferramentas e accións estratéxicas para crear marca e atraer a público familiar ás rutas de Petroglifos de Terras de Pontevedra.

## **1.2 DESENVOLVEMENTO DE NOVOS RECURSOS NA PÁXINA WEB. WWW.TERRRASDEPONTEVEDRA.ORG**

OBXECTIVO: Mellorar a accesibilidade e información da Web oficial da Mancomunidade:  
[www.terrasdepontevedra.org](http://www.terrasdepontevedra.org).

DESCRIPCIÓN: Xeolocalización de recursos turísticos, situando e ubicando no mapa de navegación. Ampliación de datos dos recursos dos Concellos que forman parte da Mancomunidade e ampliación de recursos turísticos de Concellos do Xeodestino Ría e Terras de Pontevedra.

## **1.3 MARKETING ON LINE**

OBXECTIVO: Fortalecer a actividade de márketing en liña ligado á estratexia promocional do destino que impulsa tanto o posicionamento de Terras de Pontevedra como o márketing directo da súa oferta para os turistas.

DESCRIPCIÓN: Plan estratéxico en redes, xestión das contas da Mancomunidade e creación dun plan de continxencia ante posibles crises de reputación e as campañas en Facebook Adds.

## **2. PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DO PRODUTO**

### **2.1 COMUNICACIÓN PARA A PROMOCIÓN DO TERRITORIO E OS SEUS PRODUTOS TURÍSTICOS**

OBXECTIVO: Dar a coñecer os produtos turísticos no destino, visitando adegas, recursos naturais, patrimoniais, etc, co fin de transmitir un destino de unha forma mais próxima e persoal, xa que actualmente no sector turístico, Internet cambiou radicalmente todo o proceso, dende a toma de decisións de visitar un destino ata a forma de compartilo cos demais.

DESCRIPCIÓN: Realización dunha viaxe "Fam Trip", invitando a 8 xornalistas/bloggers/operadores turísticos que protagonizarán unha experiencia turística nos Concellos de Terras de Pontevedra vivindo tres días no territorio con compromiso de publicación. O programa final consensuarase cos técnicos dos Concellos de terras para que todos aporten o que consideran máis interesante de cada municipio, escollendo polo menos unha actividade en cada un deles.



## 2.2 PREMIOS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA TERRAS DE PONTEVEDRA

OBXECTIVO: Dar a coñecer o patrimonio turístico das Terras de Pontevedra a través das ferramentas de comunicación máis novidosas e innovadoras e coa participación dos xoves.

DESCRIPCIÓN: O proxecto iníciase coa elaboración da documentación informativa sobre o mesmo, cartaces, bases de participación e organización en xeral.

## 2.3 EDICIÓN DE MATERIAL PROMOCIONAL

OBXECTIVO: Difusión dos produtos turísticos creados e recursos turísticos dos Concellos da Mancomunidade. Actualizar a información dos mesmos.

DESCRIPCIÓN: Realizaranse diferentes accións de promoción, dende a actualización dun mapa con inclusión de novos recursos, a un material de acción promocional da APP que se difundirá nos aloxamentos rurais, hoteis, oficinas de turismo, Concellos e nos propios centros de interpretación da Arte Rupestre (Campo Lameiro, Marín, Poio e Tourón).

## 2.4 CAMPAÑA DE PUBLICIDADE EN MEDIOS DIXITAIS

OBXECTIVO: Promover unha gama de produtos, actualización e promoción da nosa imaxe, e que a nosa marca teña unha presenza no mercado e agregar valor causando estímulo no consumidor.

DESCRIPCIÓN: Publicación dun banner animado no xornal dixital "Pontevedra Viva para a difusión dos produtos turísticos e eventos que se realicen o longo do ano.

## 2.5 PRESENTACIÓNS DO DESTINO TURÍSTICO TERRAS DE PONTEVEDRA E OS SEUS PRODUTOS TURÍSTICOS

OBXECTIVO: Mellorar a percepción do destino "Terras de Pontevedra ", reforzar a marca, promocionar os produtos turísticos, influenciar a decisión de compra de produtos estacionais máis influentes. Todos eles son obxectivos que perseguimos para o correcto desenvolvemento e coñecemento dos Concellos que conforman a Mancomunidade Terras de Pontevedra.

DESCRIPCIÓN: Presentacións do Destino turístico e os seus produtos (2) no territorio da Mancomunidade, dirixido á prensa, técnicos, operadores e administracións involucradas no desenvolvemento do proxecto Terras de Pontevedra.



### **3. ACTUACIÓNS EN MATERIA DE PRODUTO TURÍSTICO**

#### **3.1 TURISMO ACCESIBLE**

**OBXECTIVO:** Mellorar a accesibilidade do turismo en Terras de Pontevedra para persoas con discapacidade é outro reto a afrontar no territorio da Mancomunidade e sensibilización dos empresarios para mellorar os seus servizos.

**DESCRIPCIÓN:** Estudo de adaptación da oferta hoteleira en Accesibilidade e Sostibilidade dos hoteis situados na mancomunidade Terras de Pontevedra. En numerosas ocasións non é sinxelo localizar aloxamentos para as persoas con discapacidade. A información facilitada soe ser ambigua e incompleta resultando, por este motivo, a estancia pouco grata.

Analizarase os espazos fundamentais de uso común, os recorridos horizontais e verticais que unan espazos accesibles e as habitacións e aseos susceptibles de ser usadas por persoas con mobilidade reducida. A auditoría de todos os hoteis levarase a cabo en varias fases: unha primeira fase, a desenvolver durante o ano 2017, chegará a un total de 15 hoteis que serán seleccionados por orde de preferencia nos Concellos de Pontevedra, Marín e Pontecaldelas.

#### **3.2 SENSIBILIZACIÓN DO PRODUTO ARTE RUPESTRE**

**OBXECTIVO:** Informar e sensibilizar os técnicos, poboación e as empresas relacionados co turismo na zona sobre o produto turístico estrela da Mancomunidade "Arte Rupestre".

**DESCRIPCIÓN:** Realización dunha xornada profesional no Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro sobre a creación do Produto turístico da Arte Rupestre e a súa comercialización.

### **4. XESTIÓN E COORDINACIÓN DAS ACTUACIÓN DA MANCOMUNIDADE: ASISTENCIA TÉCNICA PREPARACIÓN, EXECUCIÓN E COORDINACIÓN DAS ACTIVIDADES DO CONVENO**

**DESCRIPCIÓN:** Servizos de Asistencia Técnica e administrativos para a Xestión e Coordinación das actuacións a desenvolver no marco do Convenio da Mancomunidade Turística Terras de Pontevedra coa Axencia de Turismo de Galicia (ano 2017).

**Segunda.-Financiamento.**

O orzamento estimado para a Execución das actuacións recollidas na cláusula primeira ascende a cento catro mil novecentos quince euros (104.915,00 €) dos que a Xunta de Galicia, a través da Axencia de Turismo de Galicia, achegará con cargo os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017 sesenta mil euros (60.000,00€ con cargo á aplicación 04A2.761A.760.3, na que existe crédito adecuado e suficiente, e que se aplicará para o pago dos gastos que se relacionan no anexo I.

A Mancomunidade Terras de Pontevedra e os Concellos integrantes da mesma levarán a cabo unha achega de corenta e catro mil novecentos quince euros (44.915,00 €) destinados a sufragar os gastos de persoal dedicado á xestión e coordinación das actividades obxecto deste convenio.

**Terceira.- Compromisos da Xunta de Galicia.**

A Axencia Turismo de Galicia achegará para o desenvolvemento destas actividades a cantidade total de sesenta mil euros (60.000,00 €), que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 04A2.761A.760.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2017.

De acordo co artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 63.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, a Axencia Turismo de Galicia realizará a súa achega mediante anticipo do 100% da mesma, unha vez asinado o presente convenio.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia a Mancomunidade Terras de Pontevedra queda exonerada da constitución de garantía.


De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrència pública para a realización destas actividades posto que se trata dunha comarca que dende o punto de vista turístico é un referente en Galicia e fóra dela, cunha alta proxección turística baseada no patrimonio arqueolóxico. Estas accións enmárcanse nunha estratexia de continuar a desenvolver accións nos territorios que xa tiveron plans de dinamización ou excelencia turística tratando de manter a colaboración interadministrativa e facer destinos turísticos singulares e diferenciadores que especialicen a súa oferta turística para enriquecer o conxunto de Galicia.



**Cuarta.- Compromisos da Mancomunidade Terras de Pontevedra**

- Deseñar, coordinar e executar as accións obxecto do presente convenio, poñer todos os medios técnicos e humanos necesarios para o desenvolvemento do mesmo e asumir os gastos de persoal e correntes que orixinen a posta en marcha das actividades.
- Facer constar a colaboración da Xunta de Galicia – Axencia Turismo de Galicia- en toda a publicidade (impresa, audiovisual, ..) que xeren as actividades deste convenio e inserir a marca turística de Galicia segundo o establecido no manual corporativo da Xunta de Galicia.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos. De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.
- En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007.
- Acreditar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
- No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o cal concedeuse a subvención por un período mínimo de cinco anos en caso de bens inscribibles nun rexistro público, e de dous anos para o resto dos bens.



- 
- Reintegrar total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a exigencia do xuro correspondente desde o pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro cando concorran algunha das causas sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e a obriga de facilitar toda a información que se lle requira pola Axencia Turismo de Galicia en relación coa xustificación do convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.
  - Dar o seu consentimento para a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial da Axencia Turismo de Galicia e nos rexistro públicos, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regula os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.
  - Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requerimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

#### **Quinta.-Xustificación dos investimentos**

1. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 28 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, para o que a Mancomunidade deberá presentar:

- Informe ou memoria global sobre as actividades realizadas.
- Certificación detallada dos gastos expedida pola intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para que foi concedida, na que se consignarán os importes executados e a relación de facturas

correspondentes así coma o cumprimento do compromiso de recoñecemento de obriga ou pagamento no seu caso.

- Certificación emitida pola Secretaría da entidade local acreditativa do cumprimento da normativa de contratación do sector público, acompañada de copia simple do expediente de contratación realizado para levar a cabo as actuacións, sen prexuízo das comprobacións que se poidan facer sobre os orixinais; no seu caso achegaranse os tres orzamentos que en aplicación do artigo 29.3 da Lei de Subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario.
- Declaración responsable do órgano competente da entidade de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Estas declaracións presentaranse con anterioridade á sinatura do presente convenio.
- Facturas, orixinais ou copias compulsadas, correspondentes á execución das actividades obxecto do convenio.
- Transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagos realizados, orixinal ou copia compulsada, correspondentes á execución do obxecto do convenio.
- Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

2. Consideraranse subvencionables os gastos que, respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e de acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia consideraranse gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de vixencia do convenio.

3. O prazo para xustificar por parte da Mancomunidade Terras de Pontevedra da aplicación dos fondos percibidos remata o 15 de decembro de 2017. De non xustificarse en prazo a cantidade total subvencionada, a Mancomunidade deberá reintegrar proporcionalmente o non xustificado, e a Xunta de Galicia minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

Non obstante, non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado no anexo, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que

se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e sempre que se xustifique o importe total.

4. Consente o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do Convenio.

#### **Sexta.- Prazo para a realización do pagamento**

O prazo máximo para a realización do pago comprometido, queda fixado no día 31 de decembro de 2017. O prazo para a reclamación por parte da Asociación en caso de incumprimento do pago comprometido pola Axencia de Turismo de Galicia, queda fixado nun período máximo de 10 días dende a finalización dos prazos establecidos no punto anterior.

#### **Sétima.- Comisión de Seguimento**



Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio de colaboración constituirase unha comisión paritaria que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio. A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **Oitava.- Vixencia do convenio.**

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 15 de decembro de 2017. Non obstante a cláusula anterior, o presente convenio ampara as actuacións realizadas desde o 1 xaneiro de 2017. A Mancomunidade Terras de Pontevedra como entidade executora e xestora das actuacións, será a responsable do mantemento en todo momento e trala finalización da vixencia temporal do mesmo, das finalidades propias do Convenio.

#### **Novena.- Natureza xurídica e xurisdición competente.**

Este convenio ten natureza administrativa, sendo competente para entender dos litixios que puidesen xurdir respecto da súa interpretación e execución a xurisdición contencioso-



administrativa, e queda fora do ámbito da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público que os exclúe expresamente no apartado c) do parágrafo primeiro do artigo 4º.

Para todo o non previsto expresamente no texto deste convenio será de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, e en canto non se opoña ao establecido na antedita Lei 9/2007, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e demais normativa que sexa de aplicación.

**Décima.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio**

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.


Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

**Undécima.- Resolución**

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.


Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente Convenio, asínano e rubricano por triplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica ó comezo.

**POLA XUNTA DE GALICIA**

  
Nava Castro Domínguez

**POLA MANCOMUNIDADE**

**TERRAS DE PONTEVEDRA**

  
M. Anxo Fernández Lores

ANEXO I

ACCIÓN	ORZAMENTO
<b>1. IMPLANTACIÓN E DESEÑO DE NOVAS TECNOLOXÍAS</b>	
1.1 Deseño, Adaptación e melloras o Desenvolvemento da APP Arte Rupestre.	10.587,50 €
1.2 Desenvolvemento de novos recursos na páxina web. <a href="http://www.terrasdepontevedra.org">www.terrasdepontevedra.org</a>	4.312,44 €
1.3 Marketing on line.	4.936,80 €
<b>2. PROMOCION E COMERCIALIZACIÓN DO PRODUTO</b>	
2.1 Comunicación para a promoción do territorio e os seus produtos turísticos.	8.470,00 €
2.2 Premios de promoción turística Terras de Pontevedra.	9.147,60 €
2.3 Edición de material promocional.	9.922,00 €
2.4 Campaña de publicidade en medios dixitais.	5.082,00 €
2.5 Presentacións do destino turístico.	7.865,16 €
<b>3. ACTUACIÓNS EN MATERIA DE PRODUTO TURÍSTICO</b>	
3.1 Turismo accesible.	6.352,50 €
3.2 Sensibilización do produto Arte Rupestre	1.815,00 €
<b>4. XESTIÓN E COORDINACIÓN</b>	
4.1 Asistencia técnica preparación, execución e coordinación.	17.424,00 €
4.2 Persoal colaborado do Concello	19.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>104.915,00 €</b>